

Celga



3

PROBA B (ORAL)



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística

Modelo: C3O/2008-2/A

Xuntanza en Bruxelas

A partir de agora, o que contamina, paga

O Parlamento Europeo aprobou esta semana, en Estrasburgo, unha nova directiva que criminaliza certas infraccións ambientais e que prevé sancións penais para os responsables.

O texto establece un conxunto de infraccións que serán penadas como un crime por todos os Estados membros da UE. Tamén contempla un conxunto de "regras mínimas" onde se define o que se considera como "crime ambiental". A partir do momento no que esta directiva entre en vigor, os países teñen dous anos para adoptaren as medidas precisas.

O texto, que xa se presentara en febreiro do 2007, permite que cada Estado membro aplique unhas medidas máis rigorosas ca estas "reglas mínimas" en cadanseu código penal, é dicir, o tipo e o grao das sancións penais é competencia dos 27, mais a directiva, en principio, contempla que sexan penadas como un crime, por exemplo, a morte, a destrución ou posuír ou capturar especies protexidas da fauna ou da flora salvaxe.

“Un grande éxito para o medio e para a UE”

O texto aínda criminaliza "a produción, importación, exportación, colocación no mercado ou emprego de substancias que empobrecen ou que estraguen a capa de ozono", mais tamén a "descarga, emisión ou introdución dunha cantidade de materias ou de radiacións ionizantes na atmosfera, no solo ou na auga que causen ou sexan susceptibles de causarlles a morte ou lesións graves ás persoas, ou danos considerables á calidade do ar, do solo, da auga ou da vida de plantas e animais".

A decisión do Parlamento Europeo foi admitida pola Comisión Europea, e mesmo o comisario para o Ambiente, Stavros Dimas, subliñou nun comunicado, que "este rápido acordo é un grande éxito para o medio e para a UE". A directiva foi aprobada despois dunha primeira lectura.

PARTE 2

1. PREGUNTAS RELATIVAS Á VIDA PERSOAL (non avaliáveis)

2. RESUMO DO TEXTO A PARTIR DOS SEGUINTES ASPECTOS

- O organismo que emite a normativa.
- O contido da normativa.
- As accións que se van considerar “crime ambiental”.

3. EXPOSICIÓN

Agora, e en función da información do texto, exprese e argumente a súa opinión nunha exposición de 2-3 minutos acerca dalgún dos seguintes encabezados:

- OPCIÓN A: “As normativas da UE están moi ben, pero raras veces se cumpren”
- OPCIÓN B: “Castigar as infraccións contra o medio está moi ben, porque está moi deteriorado”
- OPCIÓN C: “Cada estado membro vai fixar as sancións no seu código penal, de modo que o castigo ao final dependerá de cada estado e non da UE”
- OPCIÓN D: “Esta normativa está moi ben porque castiga os infractores, pero de educación cívica non se fala nada”

4. PREGUNTAS DE INTERACCIÓN

OPCIÓN A:

“As normativas da UE están moi ben, pero raras veces se cumpren”

- Non considera que a UE é un freo aos excesos e arbitrariedades dos estados membros?
- Pensa que a UE é só un organismo con exceso de burócratas de escasa operatividade?
- Para vostede, cales son as principais vantaxes que lle ofrece a pertenza á UE a un estado membro?
- Coñece algún problema que a intervención da UE axudase a solucionar?

OPCIÓN B:

“Castigar as infraccións contra o medio está moi ben, porque está moi deteriorado”

- Non cre que está sobredimensionado o problema ambiental?
- Cal é a peor das catástrofes ambientais que recorda?
- Na súa vida cotiá, que accións fai a prol da conservación do medio?
- No lugar onde vive, que accións coida que se poderían levar a cabo para evitar a contaminación e mellorar o medio?

OPCIÓN C

“Cada estado membro vai fixar as sancións no seu código penal, de modo que o castigo ao final dependerá de cada estado e non da UE”

- Non cre que isto é unha contradición, xa que as infraccións contra o medio atentan contra todos e non só contra os cidadáns dun só estado?
- Considera que se debería crear un código penal internacional para que houboese deste xeito unha xustiza universal?
- Non pensa que é esaxerado un castigo penal? Non cre que abondaría cunha sanción?
- Que outras infraccións estima que deberían estar castigadas penalmente, se aínda non o están?

OPCIÓN D

“Esta normativa está moi ben porque castiga os infractores, pero de educación cívica non se fala nada”

- Non coida que nas sociedades de hoxe todo se resolve co código penal e que se inviste moi pouco en educación cívica?
- Non pensa que a educación por si soa é ineficaz e ten que ir acompañada de medidas punitivas para que obteña resultados?
- Como cre que se podería mellorar a conciencia ecolóxica das persoas?
- Que outras eivas educacionais detecta vostede na sociedade de hoxe?